Sesión maxistral	Son as horas que o docente dedicará a expoñer contidos da materia, as directrices e bases teóricas dos traballos, exercicios ou análises gramaticais que deberá facer o alumnado así como das lecturas relacionadas cos temas. Recoméndase que, cando o profesor facilite por adiantado fotocopias ou outro material, o alumnado leve traballado previamente ese material. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática na plataforma de ensino virtual Faitic ou, no seu caso, o profesor poderá facerllos chegar a través de e-mail. Este material consistirá esencialmente en documentos PDF con contidos e vídeos gravados das clases maxistrais ou de aspectos concretos do temario.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente terá titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir na resolución de actividades ou nos comentarios dos erros cometidos nas análises gramaticais que se manden entregar como parte da avaliación. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL realizaranse tres sesións presenciais, tipo seminario, distribuídas ó longo do cuadrimestre (provisoriamente na semana 4ª, 8ª e 12ª) , co fin de que o alumnado poida preguntar dúbidas e solicitar explicacións sobre puntos concretos do temario.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o cuadrimestre o docente especificará que actividades prácticas das propostas son avaliables así como o prazo de entrega. Especificamente, o estudante deberá entregar a análise sintáctica en árbore de 3 textos propostos polo profesor. Así mesmo, para o Bloque III realizarase un TRABALLO OBRIGATORIO que consistirá na gravación e transcrición dun texto oral e na posterior análise das interferencias entre galego e castelán que nel se atopen. O profesor informará con máis detalle sobre el o primeiro día de clase.	30	A2 B1 C1 D2 A5 B4 C2 D3 B5 C5 D6 B7 C15 D8 C17 D9 D10 D11 D12
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación activa nas clases maxistrais, sempre e cando esta asistencia sexa máis do 80% delas. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase no apartado "Resolución de problemas ou exercicios	5	A1 B7 C2 D3 C5 D9 C8
Probas de resposta curta	Realizarase unha proba escrita, na última semana de curso (provisionalmente entre o 9 e o 11 de maio de 2016) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Existe a posibilidade de realización dun exame parcial previo, liberador de materia, que tería lugar na segunda semana de marzo. O alumnado de avaliación única realizará un exame escrito único na última semana de curso (provisionalmente entre o 9 e o 11 de maio de 2016). O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL, segundo o sistema polo que opte, poderá facer tamén exames parciais ou un único exame final, sempre de xeito presencial, na mesma data có resto do alumnado.	65	A1 B4 C1 D11 A2 B7 C2 B9 C5 C8

Other comments on the Evaluation

Existen **dous sistemas** de avaliación da materia:

a) **Avaliación continua**, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma; no caso do alumnado semipresencial só debe realizar e entregar as tarefas de avaliación indicadas en tempo e forma. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba. De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesor poderá mandar repetilas. En todo caso, **na convocatoria de maio**, o alumno polo menos deberá ter entregado o **Traballo obrigatorio sobre interferencias** (última semana de curso) e ter aprobado o apartado "Probas de resposta curta", exame que se realizará na última semana das clases (provisionalmente entre o 9 e o 11 de maio), coa posibilidade dun exame parcial liberatorio de materia na segunda semana de marzo. Na convocatoria oficial de xullo, o/a alumno/a deberá repetir o exame escrito e no seu caso ter entregado Traballo obrigatorio sobre interferencias. Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir a condición de asistencia ás clases, deberá comunicarllo ó docente, quen poderá habilitar outras actividades compensatorias. No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) **Avaliación única**. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na **convocatoria de maio** deberá examinarse sobre todos os contidos da materia nun **exame final único escrito (8 p.)** que se se realizará na última semana das clases (provisionalmente **entre o 9 e o 11 de maio)** e ter realizado e entregado o **Traballo obrigatorio sobre interferencias (2 p.)**. En caso de non superar ese exame ou o Traballo obrigatorio, o/a alumno/a deberá volver examinarse por medio doutro exame escrito e a entrega do Traballo na convocatoria de xullo na data que dispoña a Facultade. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía de referencia

Álvarez, Rosario e Xove, Xosé (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Bosque, Ignacio (1989): *Las categorías gramaticales*. Madrid: Sintesis. [Existe unha nova edición de 2015]

Dubert, Francisco (2005): "Interferencias del castellano en el gallego popular". Bulletin of Hispanic Studies, bol. 82, nº 3, 271-291. En liña: https://liverpool.metapress.com/content/l3646k17184r6637/resource-secured/?target=fulltext.pdf.

Eguren, L e Fernández Soriano, O. (2006): *La terminología gramatical.* Madrid : Gredos.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega. Morfosintaxe*. t. II. Vigo: A Nosa Terra.

Porto Dapena, Alvaro (2008): "El español en contacto con el gallego". En *Congreso Internacional de la lengua española (2º. 2008. Valladolid). El Español en la sociedad de la información.* Madrid: Centro Virtual Cervantes. En liña: http://cvc.cervantes.es/obref/congresos/valladolid/ponencias/unidad_diversidad_del_espanol/4_el_espanol_en_contacto/porto_a.htm.

Real Academia Española (2010): *Nueva gramática de la lengua española: manual*. Madrid: Espasa-Libros.

Rodríguez Ramalle, T. Mª (2015): *Las relaciones sintácticas.* Barcelona: Síntesis.

Guías bibliográficas

Gondar, Francisco (dir.): *BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega.* Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CILL-RP). Edición en liña: [www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html]

Instituto Cervantes: Reseñas de manuales del español [http://cvc.cervantes.es/Ensenanza/Biblioteca_Ele/manuales_gramatica/profesores/indice.htm]

O profesor entregará e comentará no primeiro día de clase outras referencias bibliográficas.

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I/V01G400V01101

Other comments

A explicación de contidos da materia así como a lingua vehicular nas explicacións das resolucións dos exercicios e actividades será en lingua galega. Recoméndase, xa que logo, ter uns coñecementos suficientes nesta lingua para poder seguir as explicacións e comentarios do docente.

IDENTIFYING DATA				
Literatura: Teoría da literatura				
Subject	Literatura: Teoría da literatura			
Code	V01G400V01203			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	2c
Teaching language	Castelán			
Department	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinator	Suárez Briones, Beatriz			
Lecturers	Suárez Briones, Beatriz			
E-mail	bsuarez@uvigo.es			
Web				
General description	A materia é unha introdución aos fundamentos xerais da Teoría da literatura			

Competencias	
Code	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidad intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Capacidade de xerar novas ideas.
D6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D8	Capacidade de análise e síntese.
D9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
D11	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
D12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

Resultados de aprendizaxe				
Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Uso máis reflexivo dos conceptos xenerais que a historia literaria e a crítica presupoñen ou dan por supostas, e mellor comprensión e análise de textos complexos	A1 A2 A5	B1 B5 B6 B7	C6 C7 C9	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12

Contidos
Topic

1. ¿Que é a literatura?	1.1 Respostas históricas a esta pregunta 1.2. Mimese vs inventio 1.3. A ruptura romántica
2. Funcións da literatura	2.1. Paideia e hedonismo 2.2. A mirada estética 2.3. A estética do compromiso
3. As disciplinas literarias	3.1. A filoloxía 3.2. Outras disciplinas: teoría, crítica, historia, comparatismo
4. A comunicación literaria	4.1. Os suxeitos da comunicación literaria. 4.2 A obra literaria: Condicións simbólicas dos textos literarios. Textualidade. Ficcionalidade. Intertextualidade 4.3. Os xéneros literarios: Épica, lírica, dramática
5. Métodos de estudo da obra literaria	5.1. Autoriais / da recepción 5.2. Formalismos 5.3. Poéticas sociais 5.4. Postestruturalismo: psicanálise, feminismo, estudos queer

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	0	2
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	6	10
Sesión maxistral	26	52	78
Traballos de aula	4	8	12
Traballos tutelados	6	20	26
Outros	0	4	4
Presentacións/exposicións	6	12	18

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Presentación da materia e da organización do traballo durante o curso. Asistencia abrigatoria para o alumnado presencial e o semipresencial.
Eventos docentes e/ou divulgativos	O alumnado pode e debe participar en outras actividades de carácter formativo que se organicen na Facultade (conferencias, mesas redondas, presentacións de libros...). Cada actividade será despois comentada na aula. A non participación na actividade terá un valor negativo na cualificación final da materia. O alumnado semipresencial está exento desta tarefa
Sesión maxistral	Correrá a cargo da profesora, que explicará de modo teórico os contidos da asignatura. Valorarase a atención e a capacidade para intervir propoñendo ou rebatindo ideas, ou manifestando dúbidas ou dificultades de comprensión. O alumnado semipresencial terá 4 sesións presenciais específicamente deseñadas para esta modalidade ás que pode asistir ou non. De asistir, a valoración será a arriba expresada para o alumnado presencial.
Traballos de aula	Abordaremos de maneira práctica, traballando sobre textos particularmente preparados ao efecto, os materiais teóricos. Na parte final da asignatura abordaremos a análise textual dende as distintas metodoloxías propostas polas escolas críticas do temario. Cualificarase o resultado final do traballo na aula: a comprensión da problemática plantexada e a capacidade crítica. O alumnado semipresencial terá catro sesións presenciasi, ás arriba indicadas (na sección "Clases maxistrais") e será avaliado como o alumnado presencial neste apartado.
Traballos tutelados	Pequenos traballos de inmersión na investigación académica. Cualificarase, no resultado final do traballo, a seriedade e o compromiso coa adquisición de coñecementos e a capacidade crítica. Penalízase o plaxio, que implicará o suspenso sen paliativos do traballo. Este(s) traballo(s) son obrigatorios para o alumnado semipresencial
Outros	Aquí se inclúen os imponderabeis que cada grupo particular precise (como reforzos pedagóxicos do tipo que sexa ou o desenvolvemento de intereses particulares que teñan que ver coa actualidade literaria mundial, etc...). A atención aos intereses particulares do alumnado está inmplícita nesta actividade.
Presentacións/exposicións	Exposición oral do traballo de investigación da materia, poñendo especial énfase na claridade expositiva e no uso dun rexistro lingüístico adecuado á situación. O alumnado semipresencial deberá cumplir tamén esta tarefa.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballos de aula	Traballos de aula / Traballos tutelados A profesora orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba explicará os contidos e metodoloxía en titorías en grupo. Presentacións/exposicións A profesora orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba explicará os contidos e metodoloxía en titorías en grupo. Tamén obrigatorios para o alumnado en modalidade semipresencial
Traballos tutelados	Traballos de aula / Traballos tutelados A profesora orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba explicará os contidos e metodoloxía en titorías en grupo. Presentacións/exposicións A profesora orientará ao alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio ou proba explicará os contidos e metodoloxía en titorías en grupo. Tamén obrigatorios para o alumnado en modalidade semipresencial

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Sesión maxistral	Valorarase a atención e a capacidade para intervir propoñendo ou rebatendo ideas, ou manifestando dúbidas ou dificultades de comprensión. O alumnado semipresencial ten catro sesións presenciais, que se valoran como tales a todos os efectos.	20	A1 A2 D2
Traballos de aula	Cualificarase o resultado final do traballo na aula: a seriedade e compromiso coa propia aprendizaxe dos contidos que se avalían e a capacidade crítica. A redacción é un contido implícito desta materia, e, polo tanto, será tamén avaliada. No caso do alumnado semipresencial, esta actividade é obrigatoria.	30	A1 A2 B7 C6 C7 D2 D3
Traballos tutelados	Valorarase a profundidade do tratamento do tema, a orixinalidade (estará penalizada ao máximo a copia de materiais alleos) e o uso dunha linguaxe escrupulosamente correcta e precisa. Penalízase o plaxio cun suspenso innegociable. No caso do alumnado semipresencial, esta actividade é obrigatoria. Estes traballos serán defendidos de maneira oral en clase en sesións preparadas a este efecto.	30	A1 A2 B7 C6 C7
Presentacións/exposicións	Dos traballos tutelados (véxase máis abaixo): "Estes traballos serán defendidos de maneira oral en clase en sesións preparadas a este efecto". Esta proba é obrigatoria para o alumnado semipresencial	20	A1 A2 B1 B5 B6 B7 C6 C7 D2 D3

Other comments on the Evaluation

A avaliación será continua, o que implica asistencia, participación na aula e elaboración de traballos de índole diversa. Se non pode seguir a avaliación continua a alumna/o deberá comunicarllo argumentadamente á profesora. Isto é válido para o alumnado semipresencial. Se decide non concurrir ou non realizar ás distintas probas deseñadas para a avliación continuada, será avaliado mediante proba única.

Se a alumna/o prevé a imposibilidade de asistencia ás clases, deberá comunicarllo e xustificarllo á profesora.

Nos casos de renuncia á avaliación continua, o alumnado será avaliado mediante proba única, que se celebrará ao final do

cuadrimestre en horario de aulas. A proba constará de preguntas e exercicios sobre os contidos e lecturas do programa.

A mesma estrutura terá a proba na segunda edición de actas (xullo).

Na proba da segunda edición de actas, será preciso examinarse da materia íntegra

Bibliografía. Fontes de información

CASAS, Arturo (coord.). *Elementos de Crítica literaria*. Vigo: Xerais, 2005

CULLER, Jonathan.Breve introducción a la teoría literaria. Barcelona: Crítica, 2000.

EAGLETON, Terry. *Una introducción a la teoría literaria*. México: Fondo de Cultura Económica, 1993.

ESTÉBANEZ CALDERÓN, Demetrio. *Diccionario de Literatura*. Madrid: Alianza, 1996.

GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel. *Introducción a la Teoría de la Literatura*. Madrid: Síntesis, 2004.

LÁZARO CARRETER, Fernando. *Estudios de Poética*. Madrid: Taurus, 1979

REIS, Carlos. *O conhecemento da literatura. Introduçao aos estudos literarios*. Coimbra: Livraria Almedina, 1995.

RYAN, Mychael. *Teoría literaria: una introducción práctica*. Madrid: Alianza Editorial, 2002

VILLANUEVA, Darío. *Curso de Teoría de la Literatur*a. Madrid: Taurus, 1994.

WELLEK, René, WARREN, Austin.*Teoría literaria*. Madrid: Gredos, 1974

YLLERA, Alicia. Estilística, poética y semiótica literaria. MAdrid: Alianza Editorial, 1974

NOTA: Unha bibliografía máis específica para temas ou asuntos puntuais será provista pola profesora cando proceda.

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Literatura: Crítica literaria/V01G400V01205
Literatura: Introdución aos estudos literarios/V01G400V01104

IDENTIFYING DATA				
Lingüística: Lingüística xeral				
Subject	Lingüística: Lingüística xeral			
Code	V01G400V01204			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	García-Miguel Gallego, José María			
Lecturers	Collazo Durán, Laura García-Miguel Gallego, José María			
E-mail	gallego@uvigo.es			
Web				
General description	Este curso é unha introdución aos fundamentos da estrutura das linguas e aos principios teóricos e metodolóxicos para a análise de datos lingüísticos			

Competencias	
Code	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidad intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Capacidade de xerar novas ideas.
D6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D7	Capacidade crítica e de autocrítica.
D8	Capacidade de análise e síntese.
D9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
D11	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
D12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

Resultados de aprendizaxe	
Expected results from this subject	Training and Learning Results

Coñecer os fundamentos da estrutura das linguas	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12
Analizar datos lingüísticos	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12

Contidos	
Topic	
A linguaxe, as linguas e a lingüística	- Linguaxe e comunicación - As linguas e a súa estrutura. As linguas do mundo - A lingüística: disciplinas e principais perspectivas teóricas e metodolóxicas da lingüística actual
Os medios da linguaxe	- Linguaxe escrita, linguas signadas e outros medios de expresión - Os sons da linguaxe (Fonética e Fonoloxía)
Gramática	- A estrutura das palabras (Morfoloxía) - Construcións e categorías gramaticais (Sintaxe)
Semántica	- O estudo do significado léxico e gramatical
Pragmática e análise do discurso	- Pragmática: o uso da linguaxe - Análise do discurso

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	19	19	38
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	24	36
Traballos de aula	12	24	36
Probas de resposta curta	2	15	17
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22
*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.			

Metodoloxía docente	
	Description
Actividades introdutorias	Presentación xeral da materia, da metodoloxía docente e dos procesos de avaliación
Sesión maxistral	Introdución aos conceptos e saberes relacionados coa temática da materia, apoiándose en lecturas complementarias e en comentarios e discusións na propia clase. Os alumnos semipresenciais deberán realizar as lecturas que se indiquen, e recibirán apoio complementario de profesores e compañeiros mediante plataformas dixitais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Problemas e exercicios relacionados coa análise estrutural das linguas e a análise discursiva. Os alumnos semipresenciais deberán realizar os mesmos exercicios, en cantidade e calidade, que os alumnos presenciais, pero poderán entregalos por medios dixitais e recibir retroalimentación do mesmo xeito
Traballos de aula	Actividades destinadas a fixación, ampliación e aplicación dos conceptos básicos relacionados coa temática da materia. Os alumnos semipresenciais poderán realizar actividades equivalentes, en cantidade e calidade, e entregalas por medios dixitais. Recibirán retroalimentación tamén por medio das plataformas dixitais.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Sesión maxistral	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de tres sesións de titoría de grupo ao longo do curso, e poderán participar en sesións individuais de titoría ben presencialmente ben a distancia facendo uso da tecnoloxía dispoñible
Resolución de problemas e/ou exercicios	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de tres sesións de titoría de grupo ao longo do curso, e poderán participar en sesións individuais de titoría ben presencialmente ben a distancia facendo uso da tecnoloxía dispoñible
Traballos de aula	As titorías individuais servirán para facer un seguimento de cada alumno. Os alumnos semipresenciais deberán acudir presencialmente a un mínimo de tres sesións de titoría de grupo ao longo do curso, e poderán participar en sesións individuais de titoría ben presencialmente ben a distancia facendo uso da tecnoloxía dispoñible

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results			
Sesión maxistral	Asistencia e participación nas clases teóricas e lectura dos textos complementarios que se indiquen. Os alumnos semipresenciais deberán demostrar que consultaron as lecturas complementarias e outros materiais que se lles indique. RESULTADO DA APRENDIZAXE: Coñecer os fundamentos da estrutura das lenguas.	10	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización correcta e en prazo dos problemas e exercicios que se propoñan ao longo do curso, tanto os realizados e entregados na clase como os entregados por medio de plataformas dixitais (esta posibilidade aplícase especialmente aos alumnos semipresenciais). RESULTADO DA APRENDIZAXE: (Saber) Analizar datos lingüísticos	20	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12
Traballos de aula	Realización correcta e en prazo dos traballos de aula que se propoñan ao longo do curso ou das actividades equivalentes que se propoñan aos alumnos semipresenciais para presentar a través das plataformas dixitais. RESULTADO DA APRENDIZAXE: Coñecer os fundamentos da estrutura das lenguas.	20	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12
Probas de resposta curta	Resolución de cuestións breves sobre conceptos fundamentais da materia como parte dun ou dous exames presenciais. Os alumnos semipresenciais deberán realizar estes exames presencialmente RESULTADO DA APRENDIZAXE: Coñecer os fundamentos da estrutura das linguas.	25	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas e exercicios como parte dun ou dous exames presenciais. Os alumnos semipresenciais deberán realizar estes exames presencialmente RESULTADO DA APRENDIZAXE: (Saber) Analizar datos lingüísticos	25	A1 A2 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9	C5 C8	D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12

Other comments on the Evaluation

Na segunda convocatoria os estudantes que non demostraran a adquisición das competencias previstas deberán realizar un

exame global e ademais deberán presentar un dossier coas actividades e exercicios do curso que non chegaran a facer ou non fixeran correctamente.

A materia de exame inclúe, en calquera das modalidades, todas as lecturas consideradas obrigatorias, así coma os contidos teóricos e prácticos que capacitan para resolver problemas e exercicios e responder a probas de resposta curta.

As porcentaxes relativas de avaliación serán as mesmas que para a avaliación continua. Só como alternativa a actividades que pola súa natureza non se poden entregar por escrito, aumentará proporcialmente o peso relativo do exame escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica (da que se seleccionarán as lecturas obrigatorias do curso)

- Crystal, David (1994 [1987]). *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*. (Edición española dirixida por Juan Carlos Moreno Cabrera). Madrid: Taurus.
- Escandell Vidal, Mª Victoria (coord.) (2009). *El lenguaje humano*. Madrid: Ramón Areces.
- Escandell Vidal, Mª Victoria (coord.) (2011). *Invitación a la lingüística*. Madrid: Ramón Areces.
- Genetti, Carol, ed. (2014): *How languages work: an introduction to language and linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Mira Mateus, Maria Helena e Alina Villalva (2006). *O essencial sobre lingüística*. Lisboa: Caminho.
- Ramallo, Fernando, Gabriel Rei Doval e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.) (2000). *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo:Xerais.
- Trask, Robert L. (2006 [2000]) *Lingüística para todos.* Barcelona: Paidós
- Trask, Rober L. & Bill Mayblin (2010). *Lingüística: una guía gráfica*. Barcelona: Paidós.
- Yule, George (2007). *El lenguaje*. Madrid: Akal (3ª edición).

Dicionarios terminolóxicos

- Alcaraz, Enrique y Maria Antonia Martinez Linares (1997): *Diccionario de linguistica moderna*. Barcelona: Ariel.

Recomendacións

IDENTIFYING DATA				
Literatura: Crítica literaria				
Subject	Literatura: Crítica literaria			
Code	V01G400V01205			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	1	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinator	Suárez Briones, Beatriz			
Lecturers	González Maestro, Jesús Suárez Briones, Beatriz			
E-mail	bsuarez@uvigo.es			
Web				
General description	Presentación dos fundamentos xerais da crítica literaria			

Competencias	
Code	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade do estudantado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidad intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Capacidade de xerar novas ideas.
D6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D8	Capacidade de análise e síntese.
D9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
D11	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
D12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

Resultados de aprendizaxe	
Expected results from this subject	Training and Learning Results

Ao terminar o curso, o alumnado debería estar en condicións de, por exemplo, elaborar una reseña dun texto.	A1 A2 A5	B2 B3 B4 B6 B7	C3 C6 C7 C9	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12

Contidos

Topic

1. A linguaxe poética.

2. A lectura da poesía.

3. Os temas da poesía.

4. Estruturas poéticas.

4.1. Tipoloxías estructurais.

5. A lingua poética: 1. Gramática da poesía.

5.1. Niveis fónico-gráfico e morfo-sintáctico.

6. A lingua poética: 2. Semántica da poesía.

6.1. Niveis semántico e pragmático: Imaxes e tropos.

7. Conclusión: o pracer do texto.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	12	10	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	22	22
Obradoiros	24	40	64
Presentacións/exposicións	10	30	40

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia. Asistencia obrigada para o alumnado semi presencial
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia pola profesora. O alumnado semipresencial terá catro sesións deseñadas específicamente, ás que pode asistir ou non. Serán sesións de dúas horas de carácter teórico e práctico (ás prácticas funcionarán a modo de pequenos obradoiros e serán avaliadas como tales).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Son traballos específicos sobre figuras retóricas, fundamentalmente sobre tropos, segundo os principios metodolóxicos expostos nas clases. Estes exercicios son de obrigado cumprimento para o alumnado semi presencial
Obradoiros	Traballos sobre a lingua poética nos seus niveis teóricos e críticos
Presentacións/exposicións	O alumnado debe expor e defender oralmente o traballo de análise formal feito sobre os textos poéticos que proceda. O alumnado semipresencial non está exento desta proba.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Presentacións/exposicións	Nas horas de titoría (atención personalizada) o alumnado poderá consultar todas as súas dúbidas, resolver problemas sobre distintos aspectos da materia; ademais, nelas, a profesora aproveitará para dar indicacións precisas sobre as necesidades puntuais de cada alumna/o.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas horas de titoría (atención personalizada) o alumnado poderá consultar todas as súas dúbidas, resolver problemas sobre distintos aspectos da materia; ademais, nelas, a profesora aproveitará para dar indicacións precisas sobre as necesidades puntuais de cada alumna/o.

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto ou dun traballo (previa presentación escrita). Para o alumnado semipresencial, esta actividade é obrigatoria	35	A1 A2	B2 B3 B4 B6	C3 C6 C7 C9	D2 D3
Obradoiros	Talleres de comentario poético. Traballarase intensivamente na análise formalista da linguaxe poética. Valoración de capacidade de comprensión, argumentación e interpretación dos métodos de análise. Para o alumnado semipresencial, esta actividade é obrigatoria	30	A1 A2 A5	B2 B3 B4 B6 B7	C3 C7 C9	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Presentacións/exposicións	Traballos que realiza o alumnado. Probas que inclúen actividades, problemas ou casos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividade proposta, plasmando de xeito práctico os coñecementos teóricos e prácticos da materia. Para o alumnado semipresencial, esta actividade é obrigatoria	35	A1 A2	B2 B4 B6		D2 D3

Other comments on the Evaluation

A participación e o desenvolvemento dos traballos e exercicios da materia en tempo é obrigado para a persoa que queira ser avaliada pola modalidade continua e tamén para o alumnado da modalidade semipresencial. Para quen non siga esta modalidade de avaliación, alumnado semipresencial incluido, haberá un exame final antes de que conclúa o cuadrimestre (1ª edición das actas) e en xullo, no que se dará conta de toda a materia, tanto da teoría como da práctica.

Porcentaxe de presencialidade obrigatoria na avaliación continua para o olumnado presencial: 80%

A avaliación en xullo para o alumnado que tivera optado pola avaliación continua e non aprobase consistirá en facer un exame e/ou traballos.

En calquera caso, a copia literal de traballos alleos sen recurrir ás convencións da cita redundará nun suspenso innegociable.

Bibliografía. Fontes de información

Esta bibliografía é parcial. Ningún destes libros é material de estudo completo; e para cuestións puntuais que requiran

materiais de estudo diferentes, estes serán presentados pola profesora.

GUPO Mi. *Retórica general*. Barcelona: Paidós, 1987.

LAUSBERG, Heinrich. *Elementos de Retórica literaria*. Madrid: Gredos, 1975.

MORATARA GARAVELLI, Bice. *Manual de Retórica*. Madrid: Cátedra, 1991.

REIS, Carlos. *Técnicas de análise textua*l, Coimbra, Liv. Almedina, 1976; 2a ed., 1978; 3a ed., 1981; 1a reimpressão, 1984;

2a reimp. 1987.

PARAÍSO, Isabel. *Psicoanálisis de la experiencia literaria*. Madrid: Cátedra, 1994

REIS, Carlos. *Comentario de textos. Fundamentos teóricos y análisis literario*, Salamanca, Colegio de España, 1995.

SPANG, Kurt. *Fundamentos de Retórica*. Literaria y publicitaria. Pamplona: Ediciones Universidad de Navarra, 1991.

YLLERA, Alicia: *Estilística, poética y semiótica literaria*. Madrid: Alianza Editorial, 1974

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Literatura: Crítica literaria/V01G400V01205
Literatura: Introdución aos estudos literarios/V01G400V01104
Literatura: Teoría da literatura/V01G400V01203